



ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 1.- Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 60 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o Imposto Sobre Actividades Económicas, que se rexerá conforme ao previsto nos artigos 79 a 92 de dita disposición.

Artigo 2.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible deste imposto o mero exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérganse ou non en local determinado e estean ou non especificadas nas Tarifas do Imposto.
2. Considéranse aos efectos deste imposto actividades empresariais as gandeiras, cando teñan carácter independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Non teñen por conseguinte tal consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras, non constituíndo feito imponible polo imposto ningunha delas.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 4.- Tarifas e cota tributaria

Sobre as cotas municipais, provinciais ou nacionais fixadas nas tarifas do Imposto aplicarase en todo caso un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo.

O dito coeficiente determinarase de acordo co seguinte cadro:

<i>Importe neto da cifra de negocios</i>	Coeficiente
Desde 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Desde 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Desde 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Desde 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Mais de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Artigo 5.- Período impositivo e devengo

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaración de alta, que abarcará desde a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.
2. O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo e as cotas son irreducibles salvo nos casos de alta ou baixa, que se prorratearán por trimestres naturais.

Artigo 6.- Xestión do imposto

1. A Matrícula do Imposto formalízase na Administración Tributaria. O coñecemento das reclamacións contra esta matrícula corresponderán ao Tribunal Económico-Administrativo.
2. A xestión do imposto, segundo os artigos 79 a 92 da Lei Reguladora das Facendas Locais corresponde á Administración Municipal.

Artigo 7.

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado Reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 8.- Infraccións e sancións

En todo o relativo ás cualificacións das infraccións tributarias, así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria.

Disposición final

A presente modificación entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor en tanto non se produza a súa modificación ou derogación expresas.

Foz, a 1 de xaneiro de 2.004

O Alcalde
José María García Rivera

BOP nº 295 de 26 de decembro de 2003